

Diccionario de diccionarios

Finalidade desta obra

Existen hoxe no mercado galego moitos diccionarios e de tipoloxía moi variada. Hai os clásicos diccionarios de lingua, con entradas e definición en galego; diccionarios bilingües (máis abundantes do galego para o castelán que á inversa), de sinónimos, ideolóxicos, de dúbidas etc.; ás veces recollen só o vocabulario dunha comarca; outras veces recollen a nomenclatura dun campo específico do vocabulario (os tecidos, os peixes de mar etc.); outras son propostas de modernización do léxico galego (a informática, os deportes...). Todo isto fixo que algúns diccionarios xa históricos desaparecesen do mercado; algúns deses diccionarios só chegaron a editarse unha única vez; outros lograron un éxito editorial algo maior pero aínda así (mesmo os editados polos anos sesenta) están xa fóra de circulación a non ser nas librerías de anticuario. Algúns non chegaron mesmo a editarse nunca.

Con todo, a proliferación de diccionarios que hai nestes dous últimos decenios non converteu en inútiles aqueles vellos diccionarios. Entre outras razóns porque os diccionarios que agora se fabrican (excepto as nomenclaturas e repertorios terminolóxicos) teñen todos como fonte principal a vella lexicografía galega. Está

claro que cada dicionario que aparece ten algo de orixinal: algunha palabra específica recollida polo redactor ou equipo de redactores ou ben algunha precisión semántica non tomada en consideración antes. Pero no esencial os grandes carrexadores de palabras foron os dicionaristas galegos anteriores a D. Eladio ou, despois del, as contadas fabas que como Aníbal Otero ou Elixio Rivas achegaron o que modestamente chamaron “contribucións” ou “frampas” porque conteñen principalmente materiais non incluídos nos chamados “dicionarios”. A partir deles o que se fixo foi reescribilos, agora cuns criterios puristas máis refinados e cunha técnica lexicográfica máis depurada. Pero a materia lexicográfica esencial está neles.

Nestas reescrituras escolmadas (e ás veces non tan escolmadas) desapareceron entradas que un lector de clásicos da literatura galega acha de menos. Esta é unha das razóns polas que nos pareceu útil facer este dicionario de dicionarios.

A outra é de carácter menos práctico e interesa principalmente ó curioso pola historiografía dos dicionarios galegos. Entre F. J. Rodríguez (3.834 entradas) e D. Eladio (52.031 sen o apéndice) cada lexicógrafo foi facendo achegas propias; pero ademais do material propio cada dicionarista papeletizou os anteriores (é un “plaxio” que a maioría deles confesa honradamente); destas papeletizacións de fontes alleas non se libra nin sequera o primeiro, Rodríguez, que usa as fontes manuscritas de Sarmiento, que agora incluimos. Pois ben, nestas apropiacións de

materiais dos dicionaristas anteriores hai na maioría dos casos algún tipo de manipulación; ás veces tan grave que se terxiversa completamente o sentido dunha palabra. A posibilidade de ver simultaneamente as entradas e definicións tal como foron aparecendo cronoloxicamente permitiralle ó lector (e máis especificamente ó futuro fabricante de dicionarios) reconstruír completamente a historia das entradas e das definicións. Desta maneira poderá calibrar exactamente qué é o que hai de orixinal en cada dicionario e qué hai de copia. Poderá tamén con esta ferramenta comprobar de qué maneira foron reescritos os dicionarios modernos, mesmo os non comprendidos nesta colleita.

Obras incluídas

Cítanse a seguir, por orde cronolóxica. Para máis pormenores véxanse (e documento á parte) os prólogos de cada obra e as imaxes dos seus frontispicios:

1. Frei Martín Sarmiento. O bieito non escribiu ningún texto que se chamase dicionario galego nin que tivese forma canónica de dicionario. Pero hai varias obras que conteñen material lexicográfico. No mellor dos casos son voces galegas co seu sinónimo castelán ou a súa correspondencia latina ou unha definición en castelán por medio de paráfrases. No peor dos casos son voces galegas incluídas nunha listaxe, pendentas dun comentario posterior que nunca chegou a escribirse; ou simplemente voces galegas que incluíu nunha frase, como esta: “Ya

asoma el rum rum de que los sueldos volverán a decaer en parte o en todo si el rey se muere. Viva la Marina y viva la Milicia y *énchele o cú de misas y corran os nosos privilexos*, pues se portarán *como Jan Vásquez debaixo da besta*”. Cartas.

ou nunha cantiga

*Santa Justa de Moraña,
de Moraña morañeira,
fun alá que me casase,
dixo qu'andase solteira.*

Todas estas voces (glosadas, listadas ou exemplificadas) foron extraídas. Moitas veces respectouse o parágrafo de Sarmiento tal cal estaba no orixinal sen lle manipular nada pois xa tiña forma de entrada de dicionario (é o caso da maioría das incluídas no *CVFLG*):

Fiesta. Ventana. De *fenestra* o *feestra*, pues *fié* disuena en gallego, a no pronunciarse *fiestra* sin diptongo IE.

Relanzo. Oí esta voz en Bergantiños: bajar un monte *en relanzo*, esto es, de lado, al soslayo, no por el pendiente. Si acaso de remanso, como de las aguas, mudada la M en L (Mingo Revulgo lo usa).

Lezere. Oí en el mismo país por vagar o tiempo, v. g.: *non teño lezére para facer isto*. Acaso del francés *loisir* que significa lo mismo.

Nos outros casos (naqueles en que unha voz galega se cita no medio dun parágrafo) tomouse o parágrafo como entrada e fabricóuselle un lema que se extraeu para o principio. As voces galegas que figuran dentro dun

parágrafo; ás veces teñen unha definición suficientemente elaborada, como esta que sacamos do *Onomástico* (os lemas son fabricados):

[rodriga] [sella] [silla] [(114)] Si ocurre la voz latina RUDICA, no se ha de traducir palo o estaca sino *rodriga*, que es la misma RUDICA de las viñas. Si ocurre la voz SITULA, no se debe traducir herrada ni cántaro, sino *sella* o *silla*, que es la misma voz SITULA, y significa lo mismo.

(Os parágrafos son dunha heteroxeneidade grande e por iso operamos con bastante liberdade, unhas veces eliminando fragmentos que non engadían información ningunha e outras veces soldando dous ou máis parágrafos sempre que houberse información necesaria ou interesante nos parágrafos sucesivos).

Outras veces Sarmiento dá por suposto no lector un coñecemento do galego e insire as palabras aínda tendo en conta que a correspondencia semántica da palabra galega coa dunha voz doutro idioma (en xeral o latín) non sempre é perfecta (como neste comentario dunhas voces das Coplas):

[carallo] En lo antiguo se decía CAUDEX y CAUDAX, y si el diminutivo se hace de la voz CAUDAX, es cierto que será CAUDACULO, y mudada la D en L, CAULACULO, y después en R la misma L CAURACULO y CARACULO, y con la trivial analogía ya puesta resulta el *jo* castellano y el *llo* gallego. Se debe disimular el contexto de este parrafito al cual dio motivo Horacio, pues aunque la voz resultante de la etimología debe ser de las inefables, y de las que no se deben escribir; porque no faltan libros impresos en los cuales se halla, no será impropio de este asunto señalarle aquí su etimología. Y más cuando creeré que a ninguno se le ha ofrecido. Y si a alguno se le ofreció por el sonsonete que su raíz es el verbo griego de la voz caracter digo que es error porque lo repugna la analogía castellana y la gallega simul.

(De non sabérmo-lo significado de *carallo* e extraérmo-la súa significación da voz latina deduciríamos que *carallo* significa ‘rabiño’).

Tanto no caso anterior coma naqueles casos en que unha voz galega figura nun texto e non ten glosa ningunha (nin semántica nin etimolóxica), fabricámoslle un lema tamén; cremos que aínda desta maneira tan esquemática (só lema e exemplo) paga a pena rexistralas porque é a primeira vez que aparecen no galego moderno. Velaquí un ex.:

[*escribi*] [*carta*] [*estafeta*] Hace tiempo que el amigo padre Marín, abad de Samos, me escribió en tono de queja amorosa, de que no había visto letra de usted, ni respuesta a una que le había escrito el año pasado. Este correo me repitió la misma queja, reducida a aquella copla gallega que oí cantar cuando aún no sabía hablar.

 Escribírame hum-ha carta,
 botárame na estafeta.
 Queridiño de miñ'alma
 non che podem ver a letra.

Ya que usted, por haber estado en Portugal, entenderá la copla, dese por entendido y escíbele dos letras para que las vea y no se queje, como moza gallega, que no ha visto letra de usted después de tanto tiempo. *Carta 199 1759, jueves Santo.*

Un caso especial é o que presentan as voces que tomamos do *Onomástico latín gallego de los vegetables que vio el P. Sarmiento según el sistema de M. Tournefort*, onde clasifica as plantas segundo Clases, Predicamentos, Xéneros e Especies; as especies exemplificaas con nomes vulgares latinos, casteláns e galegos;

neste caso, como as entradas estaban en latín e o texto en forma de cadros sinópticos, foi mester dálle-la volta desta maneira:

rengo [Planta del] Género Gramen (Chien-dent) del sistema de Monsieur Tournefort.

Os casos extremos son aqueles en que unha voz aparece sen glosa ningunha, como son moitas das do *Borrón de varios nombres gallegos de vegetables*. Como teñen interese aínda que non sexa senón para documentala voz transcribímolas desta maneira:

entrelaceyra Samos. {Lista do "Borrón de varios nombres gallegos de vegetables", apéndice do CVVVGDV}.

cornicabra [Clase de peras en Pontevedra]. {Lista do "Borrón de varios nombres gallegos de vegetables", apéndice do CVVVGDV}.

Cómpre finalmente ter en conta que algunhas das obras de Sarmiento foron iniciadas e abandonadas en varias ocasións durante os derradeiros 25 anos da súa vida; iso explica que nas glosas de moitas palabras se atopen repeticións e mesmo contradicións, froito de precisións na identificación dunha especie; o mesmo ocorre coas propostas etimolóxicas.

Tódolos textos de Sarmiento utilizados foron soldados nun único arquivo; o lector poderá discriminalos sempre porque ó final de cada entrada cítase en forma abreviada a obra da que procede. As obras son as seguintes:

a. *Viaje que el Padre Sarmiento hizo a Galicia el año de 1745*, segundo a edición de J. L. Pensado Tomé

(Universidade de Salamanca, 1975) que establece o texto baseado nos ms. da Colección Dávila e da Academia da Historia. Extraémoslle 345 lemas.

b. *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, segundo a transcripción de J. L. Pensado Tomé (U. de Salamanca en 1973); tomou como base o ms. conservado na Biblioteca da Academia da Historia. O ms. foi redactado en dúas etapas; a primeira parte despois do 10 de febreiro de 1746 (despois da segunda viaxe a Galicia); a segunda parte empezou a redactarse en Pontevedra durante a terceira viaxe, nos anos 1754-1755, e rematouse en Madrid despois do regreso. Extraémoslle 4.333 voces.

c. *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables*, segundo a transcripción de J. L. Pensado Tomé (U. de Salamanca en 1986), que se basea no ms. da colección Dávila. O ms. é de diferentes datas: os 500 primeiros parágrafos deberon ser redactados antes do 5 de maio de 1754 (cando inicia a terceira viaxe) e contén voces recollidas na viaxe de 1745; a segunda parte recolle voces da viaxe de 1754-5 e foi redactada de maneira descontinua en Galicia e en Madrid entre 1755-1758. Incluímos tamén nesta obra os dous apéndices que transcribe Pensado: o *Onomástico latín-gallego de los vegetables que vio el Padre Sarmiento, según el sistema de Monsieur Tournefort*, redactado antes de 1767; e un *Borrón de varios nombres gallegos de vegetables*, posterior a 1751. Extraémoslles ás tres obras 3.665 voces. Para unha mellor localización do texto

mantemos tamén o número de parágrafo.

d. *Colección de voces y frases de la lengua gallega*, segundo a transcripción de J. L. Pensado Tomé (U. de Salamanca, 1970), que se basea no ms. da colección Dávila. O ms. foi iniciado e abandonado varias veces entre 1746 e 1770. É unha obra non estritamente lexicográfica dado que o que lle interesa principalmente é o problema das orixes do galego; as súas fontes etimolóxicas, principalmente latinas; aínda así a maior parte das voces galegas teñen a súa correspondencia no castelán, no latín (ou nas dúas) e ás veces unha definición. Extraémoslle 1.336 voces.

e. *Onomástico etimológico de la lengua gallega* segundo a transcripción de J. L. Pensado Tomé (Fundación Barrié, A Coruña, 1999). Baséase nos ms. da colección Dávila e no de Silos. A redacción do texto foi acometida en dúas etapas, en 1757 (dunha tirada) 30 “pliegos”, e 1762 os seis restantes. Aínda que o tema principal do libro é a toponimia tamén comenta voces do vocabulario común. Destas extraémoslle 146. Para facilita-la localización no texto indícase tamén o nº de parágrafo.

f. *Epistolario do P. Sarmiento*, disposto por Xosé Filgueira Valverde e M^a Xesús Fortes Alén, Consello da Cultura Galega, Santiago, 1995. As datas das cartas son de 1732 a 1770 (a maioría corresponden á década de 1750). En moitas cartas aparecen palabras galegas e mesmo a voz galega (o seu significado) e o seu designatum

son o tópico dun parágrafo ou da carta enteira. Extraémoslle 368 voces.

g. *Obra de 660 pliegos.* Obra de variada erudición na que incidibntalmente aparecen tamén palabras galegas glosadas. Usamos a edición (aínda inédita 2011) preparada polo Consello da Cultura Galega. A obra foi composta segundo reza o frontispicio da copia que mandou facer o Duque de Medina Sidonia, “en Madrid por los años de 1762 y siguientes”. Baleirámoslle 580 lemas e 179 lemas secundarios.

Son en total 9.614 voces glosadas, aínda que na realidade son moitas menos porque a mesma voz pode aparecer varias veces, incluso no mesmo texto. Algún material lexicográfico de Sarmiento (en especial os que aquí enumeramos como **b** e **d**) foi utilizado por algún lexicógrafo galego (en principalmente por Rodríguez e de la Iglesia); a través deles chegou ós dicionarios modernos.

Tódalas contribucións de Sarmiento soldáronse nun só dicionario; cada entrada leva unha sigla ó final, que remite á contribución:

Viaje 1745 = Viaje que el Padre Sarmiento hizo a Galicia el año de 1745.

CVFL 1746-1755 = Catálogo de voces y frases de la lengua gallega.

Catálogo ...vegetables 1754-1758 = Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables.

Colección 1746-1770 = Colección de voces y frases de la lengua gallega.

Onomástico 1757-1762 = Onomástico etimológico de la lengua gallega.

Carta [+ nº + data] = Epistolario do P. Sarmiento.

660 pliegos.

2. Frei Juan Sobreira Salgado. Deixou, como Sarmiento varias obras inéditas e incompletas. Ó contrario das obras de Sarmiento as de Sobreira están redactadas en forma de papeletas de dicionario ou en forma de vocabulario castelán-galego, polo tanto non necesitan case manipulación. Incluimos, con todo o vocabulario dos “Documentos justificativos” (ou sexa: textos que aboan voces, que son unhas poucas cantigas e refráns) e neste caso para a maioría das voces non gramaticais dos documentos fabricamos un lema. Tódalas obras de Sobreira foron soldadas nun único texto e discriminadas ó final da entrada cunha abreviatura que indica a procedencia. As obras son:

a. *Ensayo para la historia general botánica de Galicia, que deberá comprenderse en el Diccionario o Glosario General de la Lengua Gallega*, transcrito por J. L. Pensado (en *Opúsculos lingüísticos del siglo XVIII*, Galaxia, Vigo, 1974, pp. 227-240) segundo o ms. que se conserva na Academia da Historia. Figura como anexo

dunha carta a Casimiro Ortega datada o 24.4.1794, así é que a redacción é (seguramente pouco) anterior a esa data. Ten 196 lemas.

b. *Papeletas de un diccionario gallego*, transcrito por J. L. Pensado Tomé (Instituto de Estudios Orensanos, Ourense 1979). Trátase dun ficheiro de voces que o autor foi colixindo ó longo de varios anos. Non hai certeza de cando comezou e cando interrompeu o traballo; no corpo das papeletas hai ás veces referencia a episodios contemporáneos; por iso sabemos que a voz *boleta* foi redactada en 1792, *arco da vella* en 1793 (“ahora a las 11 de la noche del 18 al 19 de julio de 1793, estando en nuestro Priorato de Santa Mariña de Parada”), *audiencia* (“hoy 11 de octubre”), *bofetón* e *bomba de batir* en 1797; unhas poucas voces dun apéndice forneceullas o P. Tomás Gutiérrez en 1800. O groso do traballo debeu de ter lugar neses 6 anos: 1792-1797. Moitas das papeletas de Sobreira foron utilizadas por Vaamonde para o diccionario da RAG, ás veces con lecturas pouco afortunadas como se poderá agora comprobar. Ten 8.951 lemas.

c. *Vegetables de Galicia* seguido dunhas *Retractaciones* e duns *Documentos justificativos de la nomenclatura botánica gallega*, transcrito por J. L. Pensado Tomé (nos mesmos *Opúsculos* pp. 241-267). Non teñen data; posiblemente son da década dos 90 e en calquera caso son anteriores a 1805 data da morte de Sobreira. Ten 700 lemas.

Tódalas contribucións de Sobreira soldáronse nun só dicionario; cada entrada leva unha sigla ó final, que remite á contribución:

Ensayo 1794 = Ensayo para la historia general botánica de Galicia

Papeletas = Papeletas de un diccionario gallego

Vegetables = Vegetables de Galicia

3. Bernardo Vicente Payzal, *Vocabulario Gallego-Castellano*. “Fueron echos y estan de letra del L.^{do} D. Bern.^{do} Vic.^{te} Payzal. Son hoy de Jose Baltar”. Conforme nos indica o editor do texto, Damián Suárez, de quen reproduzo a seguinte información: “Bernado Vicente Payzal (ou Paisal) de Cruces (Padrón 1752-Padrón, 1836), empregou a 3^a ed. do DRAE, de 1791, polo que o vocabulario non debe ser moi posterior a ese ano –a 4^a ed. do DRAE é de 1803–“. Poñémoslle a data convencional de 1800c. O vocabulario está depositado na RAG. Ten 908 lemas.

4. Anónimo, *Dialecto de Galicia*, ed. de J. L. Pensado, *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo*, Galaxia, Vigo, 1958, pp. 275-286. Corresponde ó ms 11-5-1/947-1 da BAH. É anterior a 1833 (ano en que as 7 provincias se reduciron a catro) pois fala das provincias de Santiago, Mondoñedo e Tuy. Ten 206 lemas e 11 lemas

secundarios. Vai identificado como “Dialecto 1833c”

5. Anónimo, *Voices gallegas*, BNms7208, transcrito por J. Leite de Vasconcelos e publicado na *Revista Lusitana*, VII, 3, 1902 (198-229). Cita os *Rogos* de Pardo de Andrade, de 1813; e a *Piligrina* de 1815. Fala das provincias de Santiago (ssvv *Borrageiros* e *Deza*) e de Mondoñedo (ssvv *Eo* e *Tamboga*), que foron provincias ata 1833; en *Tambre* fala do ex-monasterio de Sobrado, que o foi ata 1836. En *clica* cita unha obra de 1843, daquela é posterior a 1843. Ten 344 lemas e 15 lemas secundarios. Pode consultarse en http://cvc.instituto-camoes.pt/bdc/etnologia/revistalusitana/07/revista07_pag_198.pdf

6. E. R. (=Eugenio Reguera y Pardiñas?). *Traducción de algunas voces, frases y locuciones gallegas, especialmente de agricultura, al castellano*, segundo a transcripción de J. L. Pensado (Cadernos de Lingua, RAG, 1995) do ms. conservado no AHN. O ms. foi redactado entre 1840 e 1858. Ten 1284 lemas.

7. Francisco Javier Rodríguez: [*Diccionario gallego castellano*]. O texto non ten título (ou falta a folla do título). Transcribímolos dos manuscritos de FJR conservados na Real Academia Galega entre os fondos do legado de la Iglesia. Pero a obra tal como quedou da man de Rodríguez era aínda un borrador moi pouco traballado, moi lonxe do que é esperable para un texto que se pensa dar á imprenta. Cada “letra” ten tres partes diferenciadas: unha primeira na que se dá unha serie de voces alfabetizadas e coas súas definicións; outra, que é un breve

apéndice tamén alfabetizado, con definicións máis esquemáticas; e unha terceira, que é un simple listado de voces que o crego de Bermés deixou só apuntadas e pendentas de definir. As dúas series de voces definidas entran nun listado adicional de reconto. Ó final do texto do dicionario, tamén da man de Rodríguez, hai unapéndice de voces da botánica cunha definición bastante enciclopédica. Segundo o noso reconto: voces do ms. con definición, 2184; voces sen definición (descontando as repetidas na mesma lista), 1256; voces que figuran entre as definidas e na lista de voces sen definir, 65. Total: 3440 voces diferentes. A copia que se nos facilitou contén, ademais da parte xa descrita, outras partes: **a.** un resumo dun libro de Wiseman sobre lingüística comparada [Wiseman debe de ser Nicholas P. Wiseman, autor dunhas *Pláticas acerca de las principales doctrinas y prácticas de la iglesia católica*, predicadas en la capilla de Sta. María de Moorfields en Londres, traducidas del inglés, inseridas na *Revista Médica*, Periódico de la Academia de la Emulación de Santiago nº 43, 1848, unha delas “Sobre las lenguas”]; **b.** unhas follas soltas (catro) do que ía ser “una breve historia de la lengua o habla humana” que se pretendía que fose como introducción do dicionario; **c.** outras dúas follas nas que anota unhas citas de Humboldt “en su tomo del Cosmos traducido”; **d.** o comezo dunha Introducción (un folio riscado e outros dous sen riscar) dunha obra que supoñemos que será o dicionario porque se refire a ela como “primera y única en su clase”, pero non fala do dicionario senón das primeiras linguas de España; **e.** e hai finalmente un caderno estreito (de 210x65 mm) que ten

unha lista de voces galegas do A ó V (se cadra chegaba ó Z), agrupadas por “letras” pero sen alfabetizar, que debeu de se-la lista máis antiga, o formento do dicionario; polo que puidemos comprobar tódalas voces desta lista están entre as que compoñen a parte de voces definidas; na mesma lista xa hai ás veces, entre parénteses, breves definicións por sinónimos, por exemplo: *asado* (puch[er]o), *aperta* (abrazo), *alcipreste* [no dic. *acypreste*] (ciprés), *afeyxe* [no dic. *afeixe*] (sin reparo) etc.; moitas destas voces están riscadas non sabemos con qué intención porque unhas veces figuran na parte de voces definidas (*burro*, *bodo* etc.) outras non (*becerro*, *bexigas*) e outras teñen a ortografía alterada (*boar* > *voar*). Non sabemos en qué data foi composto o texto; seguramente ó longo de varios anos antes de 1854, data da morte do seu autor. O manuscrito de FJR foi publicado por A. de la Iglesia en 1863, pero con tan graves alteracións que consideramos útil reproducilo ms.

8. Francisco Javier Rodríguez: *Diccionario gallego castellano*, conforme á edición preparada por Antonio de la Iglesia González, A Coruña, 1863. No dicionario, publicado por de la Iglesia, case tódalas voces teñen definición; só hai algunhas, moi escasas, que, por erro, quedaron sen definir; en total, contando as entradas dun e doutro tipo, son 3.834. Á vista deses números xa se ve que o labor do editor consistiu non só en darlles definición ás 1.256 voces que estaban na lista de palabras que FJR deixara sen definir senón en engadir da súa colleita 444, que non estaban en ningunha lista de Rodríguez. Daquela, case a metade do texto impreso é de de la Iglesia; para

ser exactos, 1.650 voces (das 3.834) foron definidas polo editor, polo cal ben merecería compartir responsabilidade de autoría con Rodríguez. Ás 3.834 entradas hai que engadir 135 lemas secundarios.

9. Juan Manuel Pintos, *Vocabulario gallego-castellano*, inédito. (A copia que se conserva debe ser de arredor de 1865; hai noticias de que en 1853 Pintos estaba recollendo os materiais). A copia manuscrita consérvase na biblioteca da Real Academia Galega. A transcripción do texto que damos débese a Margarita Neira López e Xesús Riveiro Costas. O texto de Pintos foi utilizado, non sistematicamente nin sempre ben lido, por Vaamonde (para o dicionario da RAG), por Carré e por Eladio Rodríguez. Deles pasou indirectamente a outros. Contén 6.637 entradas (despois de elimina-las repetidas, 422 lemas secundarios).

10. Luís Aguirre del Río, *Diccionario del dialecto gallego*, conforme á ed. de Carme Hermida Gulías, CSIC-IPS, 2007. A redacción do ms pode situarse en 1858c. Ten 6.861 lemas e 18 lemas secundarios.

11. Juan Cuveiro Piñol, *Diccionario gallego*. O Establecemento Tipografico de N. Ramirez y C.^a de Barcelona fixo unha tiraxe que distribuíu el mesmo como editorial, e fixo tamén unha tiraxe que distribuíu a editorial de Carlos Bailly Bailliere de Madrid. O ano de publicación en ambos casos é 1876. O texto é idéntico. Ten 10.912 entradas (e 884 lemas secundarios).

12. Marcial Valladares Núñez, *Diccionario castellano-gallego*, Santiago 1884. Hai dúas tiraxes diferentes da mesma edición: unha que leva no frontispicio “Biblioteca de El Libredón”, e outra cun frontispicio un pouco diferente; tamén se diferencian en que a segunda tiraxe, a que non pertence ó Libredón, ten o texto das licencias eclesiásticas e un prólogo modificado; no corpo do dicionario hai algunha variante que afecta só, polo que podemos observar, ós timbres vocálicos (acentuación) dalgunhas palabras. Velaquí algúns exemplos detectados (un cotexo pormenorizado das dúas edicións sen dúbida permitiría descubrir máis diferencias):

BIBL. DE EL LIBREDÓN	SEGUNDA TIRAXE
DILIÑACION : DILIÑAMETO	DILIÑACION : DILIÑAMENTO
LEBRE	LÈBRE
LECHUZA...Curuja	LECHUZA... Curuja
TRRAVELIÑO	TARAVELIÑO
TOPINO ... cabelo...	TOPINO ... caballo...
SUTERFIRÒLÍTICO	SUPERFIRÒLÍTICO
XINÍQUEIRO	XINIQUEIRO

O texto que aquí ofrecemos é o de “El Libredón”; só despois de telo mecanografado e depurado descubrímo-la existencia da segunda tiraxe e xa non daba tempo a facer un cotexo liña a liña. Ten 15.900 entradas (incluídas as do apéndice, 1.322 lemas secundarios). Non incluimos un apéndice de termos botánicos (castelán-castelán) que Valladares insire ó final do libro.

13. Marcial Valladares Núñez, *Nuevo suplemento al Diccionario gallego-castellano publicado en 1884 por D. M. Valladares Núñez*. Reunimos baixo este título varios “suplementos” inéditos (ata seis), que o autor foi colixindo seguramente con vistas a unha segunda edición do dicionario. O primeiro deles (que é o que leva o título arriba indicado) está asinado cando Valladares era de idade de 72 anos, ou sexa, no ano de 1896; o derradeiro é de 1902, un ano antes da morte do autor. O manuscrito de Valladares foi herdado por D. Carlos Ferreirós Espinosa (fillo dunha sobriña-neta de Valladares). Dunha fotocopia deste manuscrito procede a transcripción que ofrecemos, realizada por Maricarme García Ares. Son 2.276 voces novas (ou voces con acepcións novas, e 112 lemas secundarios) con respecto ó Dicionario.

14. Francisco Porto Rey, *Diccionario gallego-castellano*, Real Academia Galega, 2000. Comezou a publicarse no semanario Villagarcía Carril en 1900 e ese mesmo ano, no fasc. 6, interrompeuse. O autor entregou á RAG o manuscrito en 1908; sobre ese texto fixeron a edición impresa María Xesús Bugarín e Begoña González Rei; con levísimas correccións das mesmas autoras inclúese agora aquí. O dicionario de PR é incompleto; está bastante elaborado ata a letra F (pp 23-433 da ed. impresa); de aí para diante é só un esbozo (pp. 435-485). En toda a obra, pero especialmente na letra A (950), abundan as entradas sen definición, que en total son 1.115. Polo que podemos observar hai unha dependencia grande de Valladares. Unha novidade desta obra é que inclúe nomes

xeográficos; estes nomes na maioría dos casos non son apelativos (como *Campolongo*); outras veces, as menos, poden selo (*Castro*). En total o número de topónimos que teñen entrada é de 1.187. (Aínda que Rodríguez incluía tamén topónimos non o fixo de maneira tan sistemática coma Porto). A colleita onomástica complétase con 125 entradas que son nomes propios de persoa, especialmente cando son hipocorísticos diferentes dos casteláns. A colleita de voces achegada por PR é de 11.873 (e 136 lemas secundarios). (Se lle restámo-los 2.012 nomes propios (aínda que na realidade ha de ser algún menos porque ás veces un topónimo tamén é apelativo), quedan 9.861 voces de diccionario de lingua.

15. Manuel Leiras Pulpeiro, *Vocabulario*. Procede dun manuscrito conservado na Fundación Penzol de Vigo (outro, con leves variantes, está na Real Academia Galega). Aínda que hai dúas transcricións previas releuse de novo o manuscrito a partir (de fotocopias do) do orixinal. O manuscrito da Academia foi entregado á institución en 1906 como resposta a un chamamento ós académicos para que achegasen papeletas para o futuro diccionario. O da Penzol non sabemos qué cronoloxía ten pero á vista das semellanzas entre os dous, debe de ser da mesma época (seguramente un é copia do outro). Son 1.618 voces (e 85 lemas secundarios), principalmente da zona nororiental de Lugo; non descartamos que parte das papeletas de Leiras xa estivesen redactadas cando se fixo o chamamento. D. Eladio e outros consultaron un manuscrito case idéntico na RAG.

16. Real Academia Galega, *Diccionario gallego-castellano*, 1913-1928. Son 24 fascículos de 18 páxinas interrompidos na voz *cativo*, na p. 432. No frontispicio non aparece senón o nome da institución (coma se fose obra colectiva) pero a responsabilidade total correspondeulle a D. César Vaamonde Lores. Son 11.623 entradas (e 12 lemas secundarios)

17. X. F. Filgueira Valverde (1906-1996), L. Tobío Fernandes (1906-2003), Xulián M. Magariños Negreira (1904-1934) e Xulio Cordal Carús (1906-1974), *Vocabulario popular castelán-galego*, 1926. Foi publicado por entregas recortables en “El Pueblo Gallego” e auspiciado polo Seminario de Estudos Galegos, como se desprende do selo debuxado por Castelao que exhibe na portada. Publicábase en entregas de catro follas e chegaron a saír 52, ata a voz *treva*. A partir de aí interrompeuse a pesar de que o manuscrito xa estaba enteiro. De mans de D. X. Filgueira recibímo-lo que quedaba por publicar (desde *trevo* ata *zuzar*); nesta transcripción ofrécese a obra completa que contén en total 16.703 entradas (903 lemas secundarios).

18. Leandro Carré Alvarellos, *Diccionario galego-castelán*. 1ª ed. en dous vols. (1928-1931). Ten 15.301 entradas, 103 entradas secundarias. Total: 15.404

19. Bernardo Acevedo y Huelves e Marcelino Fernández y Fernández, *Vocabulario del bable de occidente*, Madrid, 1932. É un texto preparado postumamente no Centro de Estudios Históricos cos materiais dos dous

autores. Contén voces dos concellos asturianos de entre Navia e Eo, principalmente dos de Boal [terra de Acevedo] Navia, Coaña, El Franco [terra de Fernández], Tapia, Castropol, A Veiga, Taramundi, Eilao, Pesoz e Grandas. Máis raramente achegan entradas de concellos de falas non galegas (Valdés, Tineo, Cangas, Grado, Salas...); neste caso os lemas transcríbense en cor vermella. As voces recollidas por Acevedo discrimínanse cun A ó remate de entrada; as de Fernández cun F; cando foron recollidas polos dous autores, con A F. En total son 5.322 lemas principais e 57 secundarios (en conxunto 5.389 voces).

20. Leandro Carré Alvarellos, *Diccionario galego-castelán*. 2ª ed. (1933). Ten 16.034 entradas, 165 lemas secundarios. Total: 16.199

21. Leandro Carré Alvarellos, *Diccionario galego-castelán*, 3ª edición (1951): 21.476 entradas, 227 lemas secundarios. Total: 21.703

22. Aníbal Otero Álvarez

a. “Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Boletín del Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, CSIC, Santiago de Compostela.

Contribuc.	Fasc. <i>CEG</i>	Ano	Páxinas	Voces
01	XIII	1949	171-200	271
02	XVIII	1951	83-114	273
03	XXIV	1953	88-119	334
04	XXVII	1954	273-292	183
05	XXXII	1955	405-427	152
06	XXXIII	1956	117-139	158
07	XXXIV	1956	245-269	218
08	XXXVI	1957	107-125	239
09	XXXVII	1957	313-227	96
10	XXXIX	1958	77-94	119
11	XLII	1959	87-105	120
12	XLIV	1959	331-348	95
13	XLV	1960	89-104	54
14	IL	1961	160-175	93
15	LIII	1962	329-347	134
16	LIV	1963	16-34	120
17	LVIII	1964	143-160	153
18	XX/60	1965	12-30	149
19	XX/62	1965	330-349	145
20	XXI/64	1966	170-188	175
21	XXII/67	1967	165-182	158
22	XXIII/69	1968	70-88	177
23	XXV/75	1970	70-88	161
24	XXVI/80	1971	287-306	189
25	XXX/90-91-92	1976-7	137-155	203
Total				4169

b. “Contribución al léxico gallego y asturiano”, Archivum, Oviedo:

Contribuc.	Vol <i>AO</i>	Año	Páginas	Voces
01	III	1953	113-134	251
02	III	1953	339-417	201
03	VI	1956	382-399	208
04	VII	1958	170-188	268
05	VIII	1958	173-191	215
06	IX	1959	72-90	161
07	X	1960	341-357	194
08	XII	1963	409-426	210
09	XIII	1963	49-66	222
10	XIV	1964	233-249	209
Total				2.319

c. “Voces onomatopéyicas del gallego-portugués”, Homenaje al Exmo. Sr. Dr. D. Emilio Alarcos García, Valladolid, Universidad de Valladolid, II, 1967, pp. 63-72.

d. *Contribución al diccionario gallego*, Vigo, Galaxia, 1967.

e. “Algunas adiciones al léxico hispánico”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXIV/72-73-74, 1969, pp. 154-171.

f. *Vocabulario de San Jorge de Piquín*, Universidade de Santiago, 1977 (Verba anexo 7).

Tódalas contribucións de Aníbal Otero soldáronse nun só dicionario; cada entrada leva unha sigla ó final, que remite á contribución:

AD = “Algunas adiciones al léxico hispánico”.

CDG = Contribución al diccionario gallego.

CLGA = “Contribución al léxico gallego-asturiano”.

HE = “Hipótesis etimológicas referentes al gallego portugués”.

VO = “Voces onomatopéyicas del gallego-portugués”.

VSP = Vocabulario de San Jorge de Piquín.

No seu conxunto toda a obra de Aníbal Otero incluída chega ás 17.388 entradas (e 903 lemas secundarios que aparecen á beira do lema principal); pero hai que ter en conta que a mesma entrada pode aparecer en varias colaboracións; o agrupa-las palabras por familias etimolóxicas motivou frecuentes rectificacións e polo tanto o uso da mesma palabra cada vez que lle atribuíu un étimo diferente. Hai que ter en conta ademais que a *CDG* e o *VSP*

son obras recompilatorias e nelas volven aparecer de novo voces xa incluídas noutras partes. A cronoloxía das obras (1949-1976) permitirá orientarse sobre a definición que AO considerou definitiva, que en principio (se unha voz aparece en varias obras) será a incluída na última contribución.

Sobre a cronoloxía aínda hai que ter en conta unha consideración máis: o *VSP*, que é de 1977, en realidade procede dun manuscrito moi anterior, do ano 1941 (ve-lo “Prólogo”); pero neste manuscrito foi intercalando voces novas mentres viviu, non só da propia Ribeira de Piquín, senón de moitas outras localidades, en especial dos lugares que visitou nas campañas do Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (1934-1936, 1953-1954), pero tamén de moitas outras fontes; este manuscrito foi en gran medida o reservorio de onde AO ía extraendo as voces que usaba nas outras contribucións.

En *CLGA*, *CDG* e *HE*, principalmente, polo seu carácter etimolóxico, aparecen como lemas voces castelás (ou de dialectos casteláns) e portuguesas. Mantivemos estes lemas (porque case sempre aparecen voces galegas afíns ou sinónimas dentro da entrada). Mediante a cor vermella sinalámo-los lemas en castelán, e en cor azul os lemas en portugués.

E unha advertencia final aínda: na presentación formal das contribucións (excepto o *VSP*) hai unha pequena manipulación. No texto orixinal de AO unha serie de entradas ían precedidas por un étimo que lle era

(hipoteticamente) común, como neste ex. tomado da *CDG*:

7. Del lat. ATTENTUS.

Autente. Prov. minh. Ajuizado, sensato, en CF, que cree es por authenticico.

Desoutente. n. Desatentado, a 2 acep. Desapoderado, a, 2 acep. Barcia.

Desautón. m. Soberbio, 2 acep. Desatento, 2 acep. Gerdiz.

Desauteza. Ineptitud. Insuficiencia. C.

Na versión para este texto, para poder homologalo co resto dos dicionarios, o étimo pasouse ó final de cada entrada; desa maneira mantense toda a información de AO. Ese grupo de verbas quedou desta maneira:

autente Prov. minh. Ajuizado, sensato, en CF que cree es por authenticico. Del lat. ATTENTUS. (CDG)

desoutente n. Desatentado, a 2 acep. Desapoderado, a, 2 acep. Barcia. Del lat. ATTENTUS. (CDG)

desautón m. Soberbio, 2 acep. Desatento, 2 acep. Gerdiz. Del lat. ATTENTUS. (CDG)

desauteza Ineptitud. Insuficiencia. C. Del lat. ATTENTUS. (CDG)

Con certa frecuencia AO engade algunha nota de crítica etimolóxica sobre unha palabra ou un grupo de palabras; estas disquisicións, pouco pertinentes para un léxico non etimolóxico, foron eliminadas.

Resumo:

Obra	Lemas	Lemas sec.	Total
"Hipótesis etimológicas ..."	4.169	343	4.512
"Contribución al léxico gall-ast."	2.319	188	2.507
"Voces onomatopéyicas..."	156	16	172
<i>Contribución al dicc. gall.</i>	1.642	141	1.783
"Algunas adiciones..."	212	8	220
<i>Vocabulario de San Jorge</i>	8.890	207	9.097
Totais	17.388	903	18.291

23. José Ibáñez Fernández, *Diccionario galego da rima e galego-castelán*, Madrid, 1950; 2ª ed. 1956 (que reproduce a 1ª). É un dicionario no que as palabras se alfabetizan pola antepenúltima sílaba se son esdrúxulas, e pola penúltima se son graves ou agudas; se hai varias voces debaixo dunha mesma rima, agrúpanse alfabeticamente. Neste Dicionario de dicionarios pérdese a disposición orixinal pois realfabetízase polo sistema tradicional de ABC. O material de Ibáñez procede principalmente de Carré (tal vez da 2ª ed.) pero hai tamén, non sabemos canto, material de colleita propia. Antes de entrar no dicionario de rimas hai unha introducción con varias listas; entre elas unha de "falsos amigos", outra con voces que teñen distinto xénero en galego e castelán, nomes de persoas, apelidos galegos, os números, a semana, os meses, o carro galego e o xugo, ditos, frases feitas, festas e división do ano, profesións, trebellos ou aveños, o comedor e a cociña, a cama, a familia, o malle, o muíño, o

arado, as moedas. Todo o material desta introdución susceptible de ser manipulado para darlle forma de “entrada + definición” integrouse no texto que ofrecemos. Isto seguramente dará lugar a repeticións porque unha mesma palabra pode estar nestas listaxes e no dicionario. As entradas do dicionario son 16.797 (+ 100 lemas secundarios); as voces das listas iniciais son 1.085 (+ 54 lemas secundarios).

24. José María Pereda Álvarez. Este autor, natural de Verín e mestre (en Viveiro e seguramente noutros lugares), foi estudoso das tradicións populares, sobre as que fixo algunha recolla, e do vocabulario galego. En 1953 publicou en *Douro Litoral* (5ª série, VII-VIII, pp. 19-52) unhas “Aportaciones léxicas y folklóricas al estudio de la lengua gallega”. É un texto que contén 691 entradas de carácter moi heteroxéneo (moitas delas son frases ou refráns); esta é a razón pola que os lemas secundarios chegan a cerca dun tercio do total de entradas: 191. O material de Pereda foi incluído xa no *Apéndice* de Eladio Rodríguez, aínda que non controlamos con qué exhaustividade e con qué fidelidade.

25. Eladio Rodríguez González, *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, I (1958), II (1960), III (1961). Tivo unha reimpresión en 1980 e outra no 2001. A obra de D. Eladio é póstuma (o autor morrera nove anos antes de aparece-lo primeiro volume). Non sabemos en qué data comezou a recoller materiais para a obra (posiblemente arredor de 1905), nin cando comezou a redacción do texto (seguramente no ano 1919). Non

sabemos tampouco en qué ano rematou; a primeiros dos anos trinta debía de estar feita unha redacción que non chegou a imprentarse. Durante os anos da Guerra e das posguerra, impublicable por razóns de censura un dicionario galego, D Eladio seguiu traballando no seu (refacendo, tollendo e engadindo datos) ata polo menos 1944. O texto de D. Eladio ten 52.031 entradas (e 72 lemas secundarios).

26. *Apéndice ó Dicionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez González. Figura ó final do vol. 3 e débese á iniciativa dos editores (Galaxia). Son voces procedentes das publicacións de Aníbal Otero, ou de colaboradores de Lán cara, Castroverde, Lemos, o Incio, Cangas, o Rosal etc. Engaden 4.638 entradas (e 43 lemas secundarios) que nesta obra se presentan individualizadas.

27. Leandro Carré Alvarellos, *Diccionario gallego-castelán*. 5ª edición (1979=4ª 1972) 27.205 entradas, 445 entradas secundarias. Total: 27.650

28. Xosé Luís Franco Grande, *Diccionario gallego-castelán e vocabulario castelán-galego*, 1ª ed. 1968, 2ª de 1972; as seguintes, ata a oitava, en 1983, reproducen a segunda. O texto que reproducimos nós é o da segunda edición. O cómputo de entradas é de 41.832, ás que hai que engadir 272 lemas secundarios. Hai que advertir que no dicionario de FG non se inclúen entradas que teñen forma e significado idéntico ás castelás. Naceu o dicionario, segundo se di no prólogo da primeira edición, para atender unha demanda urxente na época: un

dicionario manual. As súas fontes son outros dicionarios (ER, Carré, etc.). Incorpora todo o apéndice do de D. Eladio, que FG mesmo axudara a colleitar; incorporou tamén os materiais de AO publicados ata aquel momento e novas achegas do autor, case todas do val de Tebra. A segunda edición está enriquecida, segundo se di no prólogo, con perto de 10.000 voces novas, de colleita propia ou de colaboradores (Alonso Estravís, Laureano Prieteo, Carlos Durán, Susana López Facal, Valentín Arias e Ramón Piñeiro entre outros); a cifra de 10.000 hai que rebaixala seguramente a 5.000 (108 páxinas novas, a un promedio de 50 voces por páxina), pero aínda así a cifra é considerable.

29. M. do Carme Ríos Panisse, *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I. Invertebrados y peces* (1977), II. *Mamíferos, aves y algas* (1983). Como a macroestrutura do orixinal non era a dun dicionario tradicional houbo que facer algunhas manipulacións. No texto orixinal a entrada era o nome científico da especie e debaixo, alfabeticamente, colocábanse as denominacións vulgares; para integralo neste dicionario o nome vulgar pasou a entrada e o nome científico insírese como definición á dereita de cada un dos nomes vulgares. Outras manipulacións: a autora usaba puntos ou ganchos de baixo das letras *e o* para indicar que eran pechados ou abertos; foron respectivamente substituídos *ê ô è ò*. Tamén se substituíu a letra <j>, coa que representaba a gheada (*nejro*), polo dígrafo <gh> (*neghro*). Se nas notas había algunha información adicional que engadise algo

pertinente, incorporámola ó texto. No vol. I son 5.687 entradas + 1.182 lemas secundarios; no II, respectivamente, 1.272 + 229; en total 6.959 + 1.471. Os dous textos van soldados.

30. Elixio Rivas Quintas. Este estudoso leva desde a década dos 60 recollendo voces galegas nas distintas terras onde residiu, ou por onde pasou, ou das terras das que tivo alumnos. Froito desta colleitas son:

a. *Frapas, contribución al diccionario gallego*, Editorial CEME, Salamanca, 1978.

b. *Frapas II, contribución al diccionario gallego*, Alvarellos editora técnica, Lugo, 1988.

c. *Frapas III, contribución al diccionario gallego* (inédito, cedido polo autor en 2001 para o Dicionario de dicionarios).

As voces recollidas por Elixio Rivas son “frampas” (ou “farrampas”), é dicir, 'restos, fragmentos caídos ou arrancados', e polo tanto non recollidos; iso quere dicir que as voces de *Frapas* son case todas inéditas. Para seren voces inéditas, a colleita non é pequena, como queda patente no seguinte resumo:

Obra	Lemas	Lemas sec	Total
<i>Frampas</i> (1978)	4.461	123	4.584
<i>Frampas II</i> (1988)	3.279	124 3.	403
<i>Frampas III</i> (2001)	7.576	247	7823
Total	15.316	494	15.810

Igual que case tódolos autores incluídos nesta engádegas, Elixio é un dialectólogo, polo tanto as voces que recolle levan sempre a fonte de onde proceden, sexa oral (lugar) ou escrita (autor, obra); en xeral as de autor son voces arcaicas recollidas en documentos.

Por razóns prácticas nesta obra os tres dicionarios de don Elixio van fundidos nun só; cada entrada, ó final, mediante as etiquetas (FI), (FII) e (FIII), remite ó libro de que procede.

31. Constantino García González, *Glosario de voces galegas de hoxe*, Secretariado de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, (*Verba* anexo 27), 1985. O traballo de CG é recompilatorio (en certa medida é un Dicionario de dicionarios coma este); os seus materiais proceden de traballos (Memorias de Licenciatura e Teses) dirixidos por el no Departamento de Filoloxía Románica e no ILG da Universidade de Santiago entre os anos 1968 e 1984; nun caso (*Léxico de la comarca compostelana*, 1974) os materiais proceden

dunha achega realizada por el mesmo. Son en total 45 traballos os incluídos. Para a realización daqueles traballos utilizouse basicamente o cuestionario do *Atlas Lingüístico Galego*; iso quere dicir que para unha porcentaxe alta de casos as respostas daqueles traballos corresponden a preguntas idénticas; poderíase, así, con elas facer un mapa lingüístico (ou listas onomasiolóxicas, que é o que se fai aquí) para esa rede de 45 puntos. Hai, con todo, moitas ocasións en que a cultura material ou espiritual dun territorio ten trazos específicos; neste caso as palabras só se rexistran nunha zona ou mesmo nun punto único, e por iso non son susceptibles de seren agrupadas onomasioloxicamente como ocorre nas anteriores.

NB: conforme se advirte no prólogo, CG adoptou un sistema ortográfico case fonético (non usa *v* nin *h*); téñase en conta á hora de facer buscas.

A colleita deste *Glosario* ten 22.831 lemas (e 590 lemas secundarios); no conxunto do Dicionario de dicionarios vén sendo o terceiro en número de voces, despois dos de Eladio e Carré.

32. E Losada Cortiñas, J. Castro González e E. Niño Ricoi, *Nomenclatura vernácula da flora vascular galega*, Xunta de Galicia, Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, 1992. A recolleita baséase en fontes escritas; segundo declaran os autores, en “Sarmiento, Cornide, Valladares ou Planellas, Merino e Bellot ata os actuais botánicos galegos e autores das modernas enciclopedias e dicionarios”. A estrutura orixinal do libro

dividía a materia por tipos e familias; para cada familia enuméranse alfabeticamente polo nome científico cada unha das especies e a seguir veñen os nomes vulgares (un ou varias ducias). Para integralo neste dicionario reescribimos o texto poñendo como entrada o nome vulgar e como definición o nome científico, tantas veces como nomes vulgares se rexistren. Así, o que era no orixinal era

Arbutus unedo L.

albedro bedreiro

érbedo caraxica

pasou a:

albedro *Arbutus unedo L.*

bedreiro *Arbutus unedo L.*

érbedo *Arbutus unedo L.*

caraxica *Arbutus unedo L.*

Resumo estatístico final (son novos nesta edición os que van en **vermello**)

01	Sarmiento	6.060	3.554	9.614
02	Sobreira	6.027	3.820	9.847
03	Payzal	908	0	908
04	Dialecto (ms 11-5-1/947-1 BAH)	206	11	217
05	Vozes gallegas (ms 7208 BN)	344	15	359
06	ER	1.129	155	1.284
07	Rodríguez	3.440	0	3.440
08	Rodríguez+de la Iglesia	3.834	135	3.969
09	Pintos	6.637	422	7.059
10	Aguirre	6.861	18	6879
11	Cuveiro	10.902	884	11.786
12	Valladares	15.900	1.322	17.222
13	Valladares Inédito	2.276	112	2.388
14	Porto Rei	11.873	136	12.009
15	Leiras	1.618	85	1.703
16	Academia	11.623	12	11.635
17	Filgueira	16.703	903	17.606
18	Carré 1ª 1928	15.301	103	15.404
19	Acevedo / Fernández	5.322	57	5.379
20	Carré 2ª 1933	16.034	165	16.199
21	Carré 3ª 1951	21.476	227	21.703
22	Otero	17.388	903	18.291
23	Ibáñez	17.882	154	18.036
24	Pereda	691	191	882
25	Eladio Rodríguez	52.031	72	52.103
26	Apénd. Eladio	4.638	43	4.681
27	Carré 4ª 1972	27.205	445	27.650
28	Franco Grande	41.832	272	42.104
29	M C Ríos Panise	6.959	1.471	8.430
30	E. Rivas	15.316	494	15.810
31	C. García	22.831	590	23.421

32	Losada/Castro/Niño	3.680	1.070	4.750
Totais		374.927	17.841	392.768

Criterios de transcripción

O texto que ofrecemos non é unha edición crítica dos dicionarios senón a súa simple transcripción literal. O profesor Pensado na súa *Contribución a la crítica de la lexicografía gallega. El diccionario gallego-castellano de F. J. Rodríguez y su repercusión en la lexicografía gallega* (Salamanca, 1976) puxo de manifesto a cantidade grande de malas lecturas (fantasmas) ou simples erros que entraron na obra deste lexicógrafo e a súa perpetuación na lexicografía galega posterior. É tamén moi importante a materia que hai para unha revisión crítica no dicionario de Cuveiro. As obras posteriores foron máis esixentes metodoloxicamente pero aínda así conteñen tamén unha boa porcentaxe de entradas (ou pormenores nas definicións) que merecerían un estudo crítico. Facer esta revisión (ou incorpora-las revisións xa feitas por Pensado) sería un traballo de anos que alongaría ou faría inviable esta publicación. Cremos, por outra parte, que a simple posibilidade de ver sinópticamente as entradas e definicións de tódolos dicionarios xa lle vai permitir a un lector intelixente face-la súa propia lectura crítica e iso escusa en parte a nosa intervención máis alá da simple transcripción.

Hai, con todo, intervencións esporádicas no texto. Entre estas está a corrección das erratas detectadas polos

mesmos autores e sinaladas nas respectivas fes de erratas. Fóra destas, corríxíronse tamén as que claramente nos pareceron erratas de imprenta.

Outras veces, cando hai correccións de maior entidade, facemos unha chamada cun asterisco á dereita da palabra (ou grupo de palabras) e damos conta do erro advertido (unhas veces corrixido e outras non) nunha anotación do transcritor, colocada en xeral ó final da entrada en que se advertiu o erro. Velaquí uns exemplos. que tomamos do dic. de Eladio Rodríguez:

ABAETADO,DA p. p. de ABATEAR y ABATEARSE*. adj. Parecido a la bayeta. [*erro por ABAETAR, ABAETARSE]

ABESANTAR* v. a. Ornar un escudo heráldico con besantes. ABESENTAR. [*no orix. ABESENTAR que é erro evidente].

ABAXADO,DA* adj. Filológico. FILOLÓXICO. [Sic no orixinal].

Se nunha mesma entrada hai dúas ou máis advertencias, a remisión é mediante un, dous ou máis asteriscos.

Aínda que a obra foi depurada dúas veces, unha antes e outra despois da etiquetaxe, non o foi toda ela pola mesma man; algúns correctores, máis meticolosos, corrixiron e anotaron máis profusamente; outros fixérono con máis parquidade; e seguramente outros non detectamos erro ningún aínda que o houbese.

Observacións particulares:

1) Nos dicionarios da RAG e en Carré (1ª E 4ª) os arcaísmos marcábanse cun asterisco á esquerda da

entrada ou da acepción. Substituímos os asteriscos polo máis convencional nestes casos, unha daga (†) á dereita da entrada ou da acepción sinaladas como arcaicas. En Carré 2ª e 3ª mantívose o asterisco. En calquera dos casos, pero non visible para quen faga as consultas, hai unha etiqueta de “lema=arcaico”.

2) No dicionario da RAG se unha palabra ten diferentes acepcións, repítese como entrada (en corpo menor) tantas veces como acepcións teña.

CABANA *s. f.* Cabaña. Casa rudimentaria.

CABANA. *s. f.* Pequena choza construída con tablas, cuberta regularmente de paja, en la que los campesinos guardan aperos de labranza, semillas, etc. Las *cabanas*, unas son cerradas; otras abiertas por el frente, otras por los lados, apoyadas a una pared y sostenidas sobre columnas, construídas con piedra y barro o sobre pies derechos de madera.

CABANA. Cabaña de forma cónica, hecha de pinos delgados, y cubierta de caña seca, para resguardar el forraje de la lluvia y aún para dormir o hacer guardia dentro de ella.

CABANA. Silo, horreo o granero, levantado sobre postes para evitar la humedad y el ataque de los animales dañinos. Constrúyese con gruesas ramas de roble, entretrejidas, y se le cubre con un techo de paja.

CABANA *adj.* Aplícase a la vaca que tiene las astas horizontales, hacia adelante, en forma de tenaza.

Para evita-lo problema de alfabetización que isto daba eliminámo-la repetición dos lemas e enumerámo-las acepcións (da segunda en diante) con cifras arábegas:

CABANA *s. f.* Cabaña. Casa rudimentaria.

2. *s. f.* Pequeña choza construída con tablas, cubierta regularmente de paja, en la que los campesinos guardan aperos de labranza, semillas, etc. Las *cabanas*, unas son cerradas; otras abiertas por el frente, otras por los lados, apoyadas a una pared y sostenidas sobre columnas, construídas con piedra y barro o sobre pies derechos de madera.
3. Cabaña de forma cónica, hecha de pinos delgados, y cubierta de caña seca, para resguardar el forraje de la lluvia y aún para dormir o hacer guardia dentro de ella.
4. Silo, horreo o granero, levantado sobre postes para evitar la humedad y el ataque de los animales dañinos. Constrúyese con gruesas ramas de roble, entretejidas, y se le cubre con un techo de paja.
5. *adj.* Aplícase a la vaca que tiene las astas horizontales, hacia adelante, en forma de tenaza.

3) No diccionario de Pintos, para algunhas letras (parte do C, por exemplo) hai dúas redaccións. Noutras ocasións, debido a que non hai unha ordenación alfabética rigorosa, repite unha palabra dúas e ata tres veces. Nestas segundas redaccións ás veces hai variantes. Nestes casos os editores de Pintos fundiron as dúas definicións nunha; as partes novas que se dan na segunda definición engádense entre <>:

alogueiro, alugeiro Arrendamiento de casa <para vivienda>.

No medio do manuscrito de Pintos hai unha carta de Bonaventura Gassols (19-V-1869) na que este lle pregunta polo significado de varias palabras da *Gaita gallega*. No mesmo folio da carta de Gassols hai un borrador da contestación de Pintos; as definicións que dá non sempre coinciden coas do diccionario; pareceunos interesante (ó contrario dos editores do diccionario) incluílas. Neste caso dámo-la variante precedida da indicación {Gassols}:

almallo Novillo brioso, hombre desairado, atolondrado; ({Gassols}: el jato y el hombre retozón y [...]).

4) Para o tratamento das obras de Sarmiento, Ibáñez e Ríos Panise véxase arriba.

5) Independentemente de cal sexa o criterio para separar as acepcións (niso cada dicionario, cando o fai, faino de modo diferente) nós separámolas con volta de carro; é dicir, cada acepción empeza parágrafo sen separador de ningún tipo.

6) Na edición impresa do Suplemento de Valladares soldáronse os varios apéndices nun texto único; discrimínase cada un dos apéndices cun número [1], [2], [3], [4], [5]. O tratamento informático produce índices automáticos e iso fíxonos preferir a distribución primitiva en seis apéndices consecutivos cronoloxicamente, tal como saíu da pluma do autor.

7) As contribucións múltiples (como son as de Aníbal Otero e Elixio Rivas) soldáronse nun único arquivo. Na entrada engadiuse ó final, en clave conforme se indicou, a que título corresponde cada entrada. No caso das contribucións de Aníbal Otero a soldadura dos textos fíxose seguindo a orde cronolóxica en que apareceron; desta maneira, en caso de repetición de lemas, tamén as consultas (se hai repeticións de lemas) reproducirán esta orde.

Lemas

É un principio lexicográfico tan vello coma os dicionarios que un lema é unha palabra, con toda a súa

posible simplicidade ou complexidade; dito negativamente: un lema non pode ser un sintagma; certamente non o pode ser nunca un sintagma libre. A este principio atéñense maioritariamente as obras que recollemos: unha entrada encabézase por unha palabra (que é o *definiendum*) e a seguir veñen as informacións de carácter gramatical ou semántico que correspondan (*definiens*). Velaquí un exemplo simple (tómoo de Valladares):

ABADE Abad, cura de una parroquia, ó superior de una comunidad.

Este é o caso maioritario aínda que o *definiens* poida ser moito máis complexo.

Pero o principio de *unha* entrada *un* lema non sempre é respectado, de maneira que pode haber lemas complexos de dúas ou máis palabras léxicas e unha ou varias palabras gramaticais. Velaquí algúns exemplos que tomo de Valladares:

abanadura : abanamento

abancar (labores ou traballos)

acomoda-l-o gando ou a facenda

a dios e à dicha

aguza-neve

ai-ai-ai (meu)

ameija d'o rio

amerarse (os centeos, as cebadas)
amores ou pegotes
andar (tocar a)
anda rios
andar po-l-a ilesia
apoñer apor (muiño)
arco d'a vella
arujo : aruma : arúmia
azucena de san antonio
bagoas coloradas de san pedro
bon-cristian : bon-cristino
botar man por, ou de
cascos (porse algo, meterse algo, a un nos)
cebolas d'o corvo, d'o cuco, ou d'o raposo
cucos (oyeu ja mais de catro)
herba concheira ou cura carne
hu-l-a? hu-l-as? hu-l-o? hu-l-os?
espanta-miñatos espanta-pegas
fala (non tèn unha mais alta que outra)

fouce-gacha, ou gata
frol de todo-o-ano
gallete-vencelleiro
malva real, malva rosa
mirras pr'as engurrias (ir d'as)
nabo-caíño, nabo d'a nouza, nabo-deu
pau grigoriño ou gurgoriño
pès, qué me querés!; pès, pra qué vos quèro!
San Clòdio ou Clòyo
Santo d'a caixa furada, santo mocardo
tabardillas, tabardillas reales
tal que sei eu, qu'asi qu'andando
tojo árnio, arnello, arnaz, ou albar
miòca (andar, casar, vivir, morrer à)
ve-l-a acá, ve-l-a acolá, ve-l-a aí, ve-l-a alá, ve-l-a alí, ve-l-a aquí
vence-tòsego negro.

Cabían varias estratexias nestes casos. Unha delas era consideralo todo como un lema único alfabetizándoo como fai o autor. A outra, que é a que adoptamos (aproveitando as posibilidades que permite a informática), foi

descompoñer aqueles lemas complexos en lemas separados; e así unha entrada como

ABANADURA : ABANAMENTO

pode buscarse por calquera dos dous elementos. O mesmo, aínda que os dous elementos do lema sexan de categoría gramatical diferente, vale para:

ABELLA SILVESTRE

Noutros casos máis complexos damos como lemas as palabras léxicas do sintagma (pero non as palabras gramaticais). Así nun caso coma o seguinte (tamén de Valladares, coma os anteriores e seguintes)

[ACOMODA-][L-O] [GANDO] [OU A] [FACENDA]

poderán facerse buscas polos tres lemas ACOMODA-, GANDO e FACENDA (pero non polas outras catro palabras gramaticais).

Un sintagma coma o seguinte segmentouse, de acordo coa teoría da palabra, dun modo un pouco diferente:

[HERBA] [CONCHEIRA] [OU] [CURA CARNE]

de maneira que hai tres lemas, o último deles único (*cura carne*), coma se non houberse espacio entre os dous lexemas (*curacarne*).

Eliminar dos lemas complexos as palabras gramaticais non sempre se fixo de modo totalmente consecuento;

velaquí un ex., onde a efectos de consulta (porque o conxunto está case lexicalizado) consideramos catro lemas a pesar de que en cada un deles hai unha palabra léxica e dúas gramaticais:

[¿HU-L-A?] : [¿HU-L-AS?] : [¿HU-L-O?] : [¿HU-L-OS?].

E igual estoutro caso:

[VE-L-A ACÁ] : [VE-L-A ACOLÁ] : [VE-L-A AÍ] : [VE-L-A ALÁ] : [VE-L-A ALÍ] : [VE-L-A AQUÍ]

tamén próximo á lexicalización (onde VER case perdeu totalmente o sentido de ‘ver’ (de feito xa non se pode substituír por ningún sinónimo); e LA perdeu o valor de pronome feminino (de feito está por calquera pronome de 3ª persoa).

A nosa intención inicial foi reproducir los lemas sen manipulación ningunha, evitando lemas “fabricados”. Lográmoslo case no cen por cen dos casos excepto na contribución de Pereda, que ten unha boa porcentaxe de entradas que son frases, ditos ou refráns nos que entran palabras flexionadas (e non nas súas formas non marcadas); neste caso a estratexia de segmentar las palabras en LEMA + un ou varios LEMAS SECUNDARIOS + unha ou varias PALABRAS GRAMATICASIS non era viable. Por iso na maioría dos casos en que se dá isto reducímo-las palabras léxicas do “lema” de Pereda ás formas correspondentes non marcadas e pasámo-la “frase lema” a exemplo. Así, o que no orixinal era:

[airiños de boa ovella (xiringoume con)].- Me jeringó con airecitos de buena oveja. Me enganó con buenas palabras. Vi pasou a

[airiños][ovella][xiringar] Xiringóume con airiños de boa ovella. Me jeringó con airecitos de buena oveja. Me engaño con buenas palabras. Vi.

Cando aparezan nunha entrada varios lemas separados por puntos suspensivos (cousa que só se dá en Pereda) houbo esta manipulación por parte do editor; o lector pode restaura-lo texto orixinal pasando o exemplo a “lema” (ou o que sexa) e riscando os lemas fabricados.

No caso de obras que non teñen carácter lexicográfico, como son algunhas das de Sarmiento, para o parágrafo onde figura unha palabra galega co seu comentario, a fabricación dun lema é a regra. Velaquí un parágrafo tomado do comentario das Coplas:

La voz (74 v.) facho es muy común en Galicia a las eminencias en donde, para avisar de la venida de los enemigos, se encienden hogueras; y así viene de fax, facis.

Si en ellas hay farol continuo para guiar a los marineros, se llaman Faros, y si sólo para hogueras Fachos. A veces se toma uno por otro, v. g.: *ô Monte do Faro, ô Monte do Facho*, y éste continuamente tiene a centinelas en la marina. Desde el Facho o Parafita de Marcón, por su grande altura, se ve inmenso mar.

que foi reescrito desta maneira:

[facho] [faro] La voz **facho** es muy común en Galicia a las eminencias en donde, para avisar de la venida de los enemigos, se encienden hogueras; y así viene de FAX, FACIS. Si en ellas hay farol continuo para guiar a los marineros, se llaman **Faros**, y si sólo para hogueras **Fachos**. A veces se toma uno por otro, v. g.: *ô Monte do Faro, ô Monte do Facho*, y éste continuamente tiene a centinelas en la marina. Desde el Facho o Parafita de Marcón, por su grande altura, se ve inmenso mar.

A casuística pode ser máis variada aínda pero cos exemplos anteriores o usuario ten unha idea xeral dos principios. (Non se pode descartar que pola nosa parte haxa ás veces algunha incongruencia).

NB: Como xa se indicou, no diccionario de Acevedo e Fernández poden aparecer lemas en castelán; nos de Aníbal Otero hainos en castelán e portugués. Tanto uns coma outros van discriminados en cores diferentes (**vermella** para os casteláns e **azul** para os portugueses). Advírtase tamén que as cores son un recurso redundante porque as palabras en castelán (ou dialectos) e en portugués (e dialectos) levan a documentación da fonte, sexa libro (p. ex. DA = Diccionario da Real Academia Española, CF = Cândido de Figueiredo etc.) ou lugar (Salamanca, Insalde etc.).

Agradecementos

Á parte dos colaboradores que figuran na táboa de créditos correspondente houbo outra moita xente que colaborou na realización deste proxecto. Remitimos á primeira edición para os agradecementos de colaboracións referidas só a ela.

A gratitude da nosa débeda moi especial a cantos cederon edicións de textos ou dereitos de reprodución:

Maricarme García Ares, que cedeu a súa transcrición do *Nuevo suplemento al Diccionario gallego-castellano* publicado en 1884 por D. M. Valladares Núñez así como a introdución correspondente.

Margarita Neira e Xesús Riveiro, que cederon a súa transcrición do *Vocabulario gallego-castellano* de Juan Manuel Pintos e a introdución correspondente.

Á Real Academia Galega, que autorizou na primeira edición a reprodución do seu *Diccionario gallego-castellano* e na segunda, a do *Diccionario gallego-castellano*, de Francisco Porto Rey.

Á Editorial Galaxia, que autorizou a reprodución do *Diccionario* de D. Eladio.

A D^a Adela Carré, que autorizou a reprodución dos *Diccionarios* de seu padre, D. Leandro.

A D. Fernando Filgueira (presidente da Fundación Filgueira), que autorizou a reprodución do *Vocabulario* “Filgueira”.

A M^a Xesús Bugarín López e Begoña González Rei, responsables da edición do *Diccionario gallego-castellano* de Francisco Porto Rey publicado pola Real Academia Galega.

Ó Departamento de Publicaciones do Consejo Superior de Investigaciones Científicas, polo *Vocabulario del bable de occidente*.

A Horocel Otero pola obra lexicográfica de seu padre, Aníbal Otero Álvarez.

A Elixio Rivas Quintas, polas *Frampas*, das que a entrega nº III se publica por primeira vez nesta obra.

Ó noso mestre Constantino García González, polo seu *Glosario de voces galegas de hoxe*.

Á familia do inesquecible D. J. L. Pensado Tomé, que autorizou a utilización das transcricións dos manuscritos de Sarmiento, Sobreira e ER.

A María do Carme Ríos Panisse, pola súa *Nomenclatura da flora e fauna marítimas*.

A D. J Castro González e D. E. Niño Ricoi por autorizaren a inclusión da súa *Nomenclatura da flora vascular galega*. Compartiron o seu traballo con D. E. Losada Cortiñas, hoxe infelizmente desaparecido, merecedor igualmente da nosa lembranza e do noso agradecemento.

Ós herdeiros de José Ibáñez Fernández pola autorización para incluír o *Diccionario galego da rima e galego-castelán*.

A Carme Hermida Gulías pola autorización para incluír o *Diccionario* de Aguirre.

A Damián Suárez polo *Vocabulario* de Payzal.

Non por ser longa a nómina queda o noso agradecemento máis diluído; cada un deles merece chea a nosa gratitude coma se fose coautor desta obra.

Créditos

Esta obra, *Diccionario de diccionarios*, é froito dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Instituto da Lingua Galega. A Consellería de Educación contribuíu durante catro anos cos fondos necesarios; ó Instituto correspondeulle desenvolver-la idea e realiza-la parte material do traballo.

Os colaboradores desta obra (incluídas todas as versións)foron:

Raquel Aira González,

Moisés Barreiro Comedeiro,

M^a Xesús Bugarín López,

Noelia Engroba Vidal,

M^a do Carme Fernández Rodríguez,

Antonio Fernández Salgado,

Maricarme García Ares,

M^a do Carme González Bueno,

Xosé Antonio Leis Ferreira,

Lorena López López,

Fátima Miguéns Horta,
Margarita Neira López,
Xosé Manuel Otero Fernández,
Xosé Manuel Pérez Sardiña,
Rosa Salgueiro Salgueiro,
M^a dos Anxos Sobriño Pérez,
Alfonso Toimil Castro,
Balbino Testa Fernández,

Begoña Varela Vázquez,
Rut Vázquez González,
Ana Vidal Meixón,
Valentina Veiga Alonso,
Silvia Viso Pérez,
María Viturro Piñeiro,
Florentina Xoubanova Montero.

Foi esencial o auxilio de Xosé Manuel **Pérez Sardiña** para o tratamento informático dos textos.

Cabo

Con este dicionario pretendemos ofrecerlles ós lectores de literatura galega (e ós curiosos pola lexicografía) unha ferramenta útil. A súa fabricación é froito de moitas horas de traballo por parte de moita xente; isto (o moito traballo e as varias mans) é sen dúbida unha fonte de erros e incoherencias. Por iso pedímo-la indulxencia do lector se é que advirte algún; e por iso pedimos de paso a súa colaboración para axudarnos a depura-los textos en futuras edicións. Envíen as súas suxestións por carta ó Instituto da Lingua Galega, Praza da Universidade 4, 15782 Santiago de Compostela; ou por fax. ó nº 34 981 572770; ou ó meu correo electrónico (consúlteo nas páxinas da

usc.es).

Santiago, xuño de 2011.

Antón Santamarina